

San Isidoro de Postmarcos – A Pobra do Caramiñal  
(Galicia)  
Mateo Vázquez Ares.



Data da contrucción: SS VI, XII, XVII, XVIII e XIX.

Descrición: O seu nome, e o que recibe a súa vez a parroquia, Postmarcos, ven dado polos primeiros poboadores que se cre habitaron o lugar, os Praestamarcos. O edificio inicial foi construído no s. XII, mais as súas orixes remóntanse a época sueva. Mantén un estilo románico propio da época. Sen embargo, tamén foi modificado con posterioridade nos séculos XVII e XVIII. Recentemente sufriu unha restauración externa, aínda que non sufriu ningunha transformación na súa estrutura.

Graffiti: Na campá maior existe un grafito no seu interior.

Estado actual: As campás encóntranse electrificadas, mais siguen sendo repicadas manualmente con moita frecuencia. Os cepos actuais son novos (do 2018) e os badais son orixinais.

Campás: Nesta parroquia existen 3 campás de uso litúrxico: A grande e a mediana do século XX e a pequena do século XXI. Son unhas das campás con mellor sonoridade de todo o territorio pobrense.

Toques tradicionais de campás:

A maioría dos toques tradicionais mantéñense, pero debido á electrificación do 2018 algúns perderonse ante a imposibilidade de seren efectuados cos electromazos.

Os toques que se empregaban son:

- Toques diarios: Estes realizábanse antes da celebración do Santo Rosario, as misas diarias e nas misas dos sábados:

1º toque (30 minutos antes da celebración) 33 toques da campá maior, uns segundos de pausa e 1 toque da mesma campá.

2º toque (15 minutos antes da celebración) 33 toques da campá maior, uns segundos de pausa e 2 toques da mesma campá.

3º toque (5 minutos antes da celebración) 33 toques da campá maior, uns segundos de pausa e 3 toques da mesma campá. Ao comezar o acto, dábanse outras 3 campanadas na campá maior.

- Toques de domingo: Empregábase para anunciar as misas os domingos:

1º toque (30 minutos antes da celebración) repenique das dúas campás maiores durante 1 ou 2 minutos, e ao finalizar 1 toque da campá maior.

2º toque (15 minutos antes da celebración) repenique das dúas campás maiores durante 1 ou 2 minutos, e ao finalizar 2 toques da campá maior.

3º toque (5 minutos antes da celebración) repenique das dúas campás maiores durante 1 ou 2 minutos, e ao finalizar 3 toques da campá maior. Á saída do sacerdote da sacristía, dábanse 3 campanadas na campá maior.

- Señal difunta: Realizábase no momento no que había constancia de que morrera un veciño na parroquia e variaba dependendo de si era home ou muller:

Señal de home: Comezábase ca campá maior. O toque consisite nun golpe desta campá seguido doutro da mediana, deixando un espazo dun segundo entre cada

campanada. Despois dun tempo seguindo esta serie acelérase e ao chegar ao punto no que non se pode acelerar máis, párase. Nesta parroquia, ao ser home repetíase 3 veces e ao rematar, dábanse 3 toques na campá maior.

Señal de muller: Neste caso comézase ca campá mediana e séguese o mesmo patrón que cando é un home. A diferenza está en que ao ser muller repítese 2 veces e ao finalizar, danse 2 golpes ca campá mediana.

- Toques de difuntos: Existían 3 toques diferentes, que se clasifican da seguinte maneira: toque de difuntos para home, toque de difuntos para muller e anxo. Este último era realizado cando o falecido era un rapaz menor de 7 anos.

Para describilos, vámoslos dividir en dous: por un lado, os toques de difunto de home e muller e por outro, o de anxo.

Toques de difuntos de home e muller: O toque comeza ca campá grande se é home e a mediana se é muller e continúaase ca súa recesiva. O ritmo que leva márcase ca resonancia que deixan as campás, cando remataban de resoar dábase a seguinte campanada.

O primeiro toque que se daba nesta parroquia comezaba media hora antes do momento do inicio da eucaristía de “corpore insepulto”. Sigue o esquema descrito no anterior parágrafo, mais o aceleramento, a diferenza do toque de señas, comezaba cando se divisaba o féretro achegándose á igrexa. Cando entraba no templo, acelerábase ata que non se podía máis e párase ca campá correspondente (grande si é home e pequena si é muller).

O terceiro toque realizábase ao sair o féretro da igrexa para enterrar. Segue a mesma construción que o toque que se

realizaba ao momento no que entraba o corpo no templo, pero a diferenza está en que o acelere final realizábase cando o corpo chegaba ao seu correspondente nicho, nese momento parábase e cando o ían meter na tumba, dábase un acelere curto, comezando e rematando ca campá correspondente (pequena si é muller e grande si é home)

Toque de anxo: este toque realizábase un cuarto de hora antes do inicio da misa do enterro do rapaz e consistía no bandeo da campá mediana, que finalizaba cando entraba o féretro na igrexa. Ao sair para enterrar, volvíase bandear a campá ata que o corpo chegaba ao seu lugar de sepultura correspondente.

- Toque de lume ou arrebató: Este toque realizábase cando ocorría un incendio nalgunha parte da parroquia. Neste caso as campás repinicábanse sen unha orde concreta dunha maneira moi rápida.

- Toques festivos: Estes servían para chamar á misa un día de festa parroquial ou un día sinalado no calendario litúrxico. Tamén era empregado nas procesións. Nas chamadas a misa, para diferencialas das dos domingos, duraban máis. Nas procesións solíanse cambiar os repeniques, facendo varios con ritmos diferentes.

- Ánxelus: Este toque era realizado ás 12 do mediodía e á tarde. O do mediodía sempre seguía esta forma: 3 series de 3 toques cada unha e ao rematalas 33 toques, todo ca campá grande. O da tarde era igual ao do mediodía, exceptuando os sábados ou a víspera dunha festa, no que mudaban os 33 toques finais por un repenique das dúas campás maiores.

- Toques actuáis de campás:

Ca actual electrificación, os toques que se levan a cabo son:

- Toque horario.

- Toque de difuntos.

- Señal difunta (a actual é coma un toque de difuntos pero con menos duración)

- Toque de misa diaria.

- Repenique das 3 campás.

A pesar da electrificación, o toque manual consérvase os domingos e días de festa (tanto as parroquiais como as do calendario litúrxico)

- Campás:

Campá pequena:



A campá ten a típica inscrición das campás galegas “JESUS, MARÍA Y JOSE” na parte superior e seguido “ANO DE 2018” A campá foi feita no ano da electrificación polo párroco D. Marcelino Sánchez Somoza. Na parte frontal ten unha cruz de calvario, por toda a campá existen

multitude de cordóns e na parte superior hai unha liña de cenefas. Pola parte posterior, no medio pé, está a maca de fábrica de Ocampo (Arcos da Condesa). Como mecanismos de toque posúe un electromazo Clock o´matic e un badal ao que polo de agora non hai atada ningunha corda. (Imaxes de Xosé Troiano Carril)

Campa mediana:



A campá presenta na parte superior a típica inscrición das campás galegas “JHS, MARÍA Y JOSE” e seguido a isto “ANO DE 1951” A campá foi mandada facer polo difunto

párroco D. Manuel López Dios. Moi probablemente, esta campá sexa refundida doutra anterior da cal non posúo datos. Presenta multitude de cordóns e na parte superior unha liña de cenefas. Como mecanismos de toque presenta un electromazo Clock o´matic e un badal moi gastado ao que ten atado unha corda. Medidas: 58 cm de diámetro, 67 cm de altura con asa e 51 cm de altura sin asa.

Débase cambiar o badal por un novo que teña orificio para atarlle unha corda.



## Campá grande “San Ysidro”




A campá presenta a típica inscrición das campás galegas “JHS, MARÍA Y JOSE” e seguido a isto, “ANO DE 1926” no medio pé hai unha inscrición que di: “SAN YSIDRO DE POSRMARCOS” aínda que o patrón da parroquia sexa San Isidoro de Sevilla, a parroquia é coñecida como “Sanisidro” e probablemente dahí veña o motivo de colocar o nome Ysidro en lugar de Isidoro.

Moi probablemente esta campá é refundición doutra anterior da cal non posúo datos. Presenta multitude de cordóns e na parte superior unha liña de cenefas. Como

mecanismos de toque presenta un electromazo Clock o´matic e un badal ao que ten atada unha corda. E convinte regular o electromazo para que pegue no lugar apropiado. No seu interior apréciase unha cruz. Medidas: 73 cm de diámetro, 79 cm de altura con asa e 65 cm de altura sin asa.

Imaxes:



A igrexa.



A igrexa. (Imaxe de Xosé Troiano Carril)



A espadana.



A espadana (contruída sobre unha das paredes da sacristía)



As campás.



“JHS, MARIA Y JOSE” da campá grande “San Ysidro”



“ANO DE 1926” da campá grande “San Ysidro”



“ANO DE 1926” da campá grande “San Ysidro”



Cepo da campá grande “San Ysidro”





Cepo, asa e cenefa da campá grande “San Ysidro”



Eixo da campá grande “San Ysidro”



Boca da campá grande “SAN YSIDRO”



“SAN YSIDRO DE...” e marca de fábrica (Ocampo) na campá maior.



“...IDRO DE POSMARCOS” e marca de fábrica (Ocampo) na campá maior.



Marca de fábrica (Ocampo) na campá maior “SAN YSIDRO”



Badal e electromazo (este último pega algo alto) da campá maior “SAN YSIDRO”

No interior obsérvase unha cruz.



“ANO DE 1951” e cenefa na campá mediana.



Marca de fábrica (Ocampo) na campá mediana.



Cepo e asa da campá mediana.



Eixo da campá mediana.





Badal moi gastado e co orificio no que se anuda a corda roto e electromazo da campá mediana.



“...JOSE ANO DE...” e cenefa na campá pequena. (Imaxe de Xosé Troiano Carril)

Mateo Vázquez Ares (A Pobra do Caramiñal) 2022